

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS PSICOLÓXICOS

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, **Diego Calvo Pouso**, e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 44/2024, de 14 de abril, que recolle o seu nomeamento, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, **M^a Rosa Álvarez Prada**, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, rexistrado co número 13 no Rexistro Oficial de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia creado por Decreto 161/1997, do 5 de xuño.

EXPOÑEN

Primeiro.- O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 20.1 que, en relación coa Administración de xustiza correspóndelle á Comunidade Autónoma exercer todas as facultades que as leis orgánicas do poder xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñecen ou atribúen ao Goberno do Estado. Nesta cláusula estatutaria atópase a orixe do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia das funcións que desempeñaba a Administración do Estado en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de Xustiza.

Segundo. O Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e aos institutos de medicamento legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.



Terceiro. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia ten como competencias propias o ordenamento do exercicio da profesión de psicólogo/a en todas as súas formas e especialidades, a súa representación exclusiva e a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas, a vixilancia do exercicio da profesión, facilitando o coñecemento e cumprimento de todo tipo de disposicións legais que afecten á profesión de psicólogo/a, e facendo cumprir a ética profesional e as normas deontolóxicas do/a psicólogo/a, así como velar polo axeitado nivel de calidade das prestacións profesionais das persoas colexiadas, para o que promoverá a formación e perfeccionamento destes e cooperará na mellora dos estudos da licenciatura en psicoloxía. Tamén son funcións propias do Colexio o fomento da promoción e desenvolvemento técnico e científico da profesión e da ciencia psicolóxica, a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade.

Cuarto.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Quinto.- A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular da subvención e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder dar resposta a gran demanda de valoración psicolóxica por parte dos xulgados e tribunais en materia de familia, con especial significación da ligada á materia penal (violencia de xénero, credibilidade da testemuña en menores abusados, dano psíquico, imputabilidade, acoso, etc.)

Por todo o exposto, as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto, beneficiario e condicións do convenio.*

O obxecto deste convenio é a colaboración na realización, por parte do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos



xudiciais en Galicia.

Os/as psicólogos/as que presten estes servizos deberán ser seleccionados entre os colexiados/as que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional, conforme cos seguintes criterios e pola orde de prioridade en que se relacionan:

1º.- O desempeño de actividades de similares características

2º.- A formación e especialización no ámbito da psicoloxía xurídica

A realización de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais procederase con arranxo ás seguintes normas:

I. Solicitude.

Os/as psicólogos/as exercerán as súas funcións sempre a petición dos xulgados e tribunais, que derivarán a petición directamente ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e de acordo coas instrucións concretas que estes indiquen para cada caso. En todo caso actuarán no ámbito da súa disciplina con plena independencia e baixo criterios estritamente científicos.

II. Selección de psicólogos/as.

Para a selección dos/das psicólogos/as que vaian realizar os informes periciais, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia elaborará unha lista específica, distinta á establecida para as Oficinas de Atención ás Vítimas.

Os/as psicólogos/as que concorran ao proceso de selección organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser psicólogo/a colexiado/a e estar ao corrente do pago das cotas colexiais.
2. Non estar cumprindo unha sanción da Comisión Deontolóxica.
3. A presentación dunha declaración responsable de non ter incompatibilidades profesionais. A realización de informes periciais psicolóxicos a solicitude dos órganos xudiciais prevista no presente convenio é incompatible con exercer funcións de psicólogo/a adscrito á Administración de xustiza como psicólogo/a forense ou nas Oficinas de Atención a Vítimas dependentes da citada Administración.
4. Ter acreditadas un mínimo de 300 horas de formación, das cales



200 horas deberán ser da área da psicoloxía xurídica e forense, xustificadas documentalmente e que procederán da formación regrada, asistencia a xornadas e congresos, impartición como docente de formación na área, etc.

5. Realizar un mínimo de catro (4) informes periciais acreditados documentalmente debendo ser como mínimo dous deles do ámbito civil.

6. A presentación dunha declaración responsable de estar dado de alta no réxime especial de traballadores autónomos.

7. Ter contratado un seguro de responsabilidade civil profesional, o cal se acreditará mediante o pagamento do último recibo do ano en curso.

III. Listaxes.

Unha vez que o/a psicólogo/a entre a formar parte da lista de reforzos para a emisión de informes periciais psicolóxicos asinará un compromiso de aceptación das normas de funcionamento da lista, así como do compromiso de actuación.

Excepcionalmente, poderase renunciar á realización do informe pericial por causas de forza maior debidamente acreditadas.

IV. Realización do informe pericial psicolóxico

Unha vez asignado o profesional para a elaboración do informe psicolóxico, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia contactará por correo electrónico con el, outorgándolle un prazo máximo de 4 días hábiles para que acuda directamente á oficina xudicial que se lle indique, de cara a realizar a aceptación do encargo ante o funcionario correspondente. A aceptación do encargo levará implícita a aceptación de todas aquelas actuacións que o órgano ou oficina xudicial requira en relación co informe psicolóxico a realizar. A través do órgano xudicial, o/a psicólogo/a realizará a primeira citación do suxeito obxecto de avaliación, co fin de que quede constancia oficial da citación.

Todas as actuacións necesarias para a elaboración do informe serán realizadas nos despachados habilitados para iso por parte da Dirección Xeral de Xustiza, que estará situado na provincia onde sexa solicitado o informe pericial, e con medios propios, salvo aquelas que teñan que ser realizadas en sede xudicial ou nos locais que o órgano xudicial designe.

O prazo máximo para a entrega do informe ao órgano xudicial que o solicitou será de 40 días naturais desde a primeira entrevista pericial, salvo casos xustificadas debidamente acreditados.



Unha vez realizado o informe pericial o/a psicólogo/a presentaráo ao órgano xudicial petionario e remitirá copia ao Instituto de Medicina Legal de Galicia.

V. Prezo do informe.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a aboar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia os gastos que deriven da realización dos informes periciais, cun pagamento máximo único por informe de 600 euros, que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial:

- Elaboración, redacción, emisión e entrega do informe
- Desprazamentos
- Aclaracións, ratificacións, asistencia e, en xeral, calquera actuación ante o órgano ou oficina xudicial, incluído o acto de xuízo oral.

VI. A Dirección Xeral de Xustiza a procura de espazos adecuados para a realización do traballo por parte dos peritos, nas dependencias das delegacións da Xunta ou en espazos dispoñibles dos edificios xudiciais.

VII. A Dirección Xeral de Xustiza comprométese a darlles formación aos peritos. O equipo de formadores estará composto por dous maxistrados/as pertencentes aos xulgados de familia, e un/ha psicólogo/, a determinar polo Colexio ou, na súa falla, pola Dirección Xeral de Xustiza..

Segunda. Capacidade

Previamente á formalización do presente convenio, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou ante a e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións e que poidan impedir a subscripción do presente convenio.

Terceira. Compromisos.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a prestar a actividade nas condicións establecidas no presente convenio, facilitando os/as psicólogos/as que realicen os informes periciais.

A prestación de servizos realizada polos/as psicólogo/as obxecto deste convenio, non levará o establecemento dunha relación laboral co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nin coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.



O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia comprométese a prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a abonar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a compensación por un máximo de 41.100,00 €, concedida nos termos e coas condicións establecidas no presente convenio. Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a facilitarlles formación específica e espazos de traballo para a realización dos informes por parte dos psicólogos/as, en cada unha das subdireccións do IMELGA.

Cuarta. Créditos orzamentarios e contías derivados do convenio.

O presente convenio financiarase co orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, con cargo á aplicación orzamentaria 35.03.131A.481.0. A compensación prevista no presente convenio poderá financiar total ou parcialmente os gastos derivados da actividade psicolóxica ata un importe máximo de 41.100,00 € sendo aboada ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, do seguinte xeito:

- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia emitirá a correspondente certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detalle os informes periciais efectuados. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes comprométese a aboar ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia os gastos que deriven da realización dos informes periciais, cun pagamento máximo único a razón de 600 euros por cada informe, que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial.
- Ademais, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia pola organización da actividade realizada cunha cantidade de 1.500 euros.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a achegar a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.



Quinta. Comunicación de subvencións recibidas.

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia queda obrigado a comunicar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no momento da súa solicitude e/ou concesión, se conta con algún tipo de axuda ou subvención para os mesmos fins, a súa contía, entidade ou posible entidade que a concede e data de solicitude e/ou concesión.

Sexta. Prazos e forma de abono e de xustificación.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través de conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo órgano competente da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e da consecución dos obxectivos deste convenio.
- Certificación expedida polo órgano competente do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso, as datas de pagamento.
- Orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data



límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- Declaración responsable de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

- Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2024, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Xustiza con data límite 20 de decembro de 2024. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación. Para realización destes pagamentos anticipados, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está exonerado de constitución da correspondente garantía, en virtude do establecido no artigo 65.4, apartado f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Sétima. *Confidencialidade da información e dos resultados.*

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e mais os/as psicólogos/as que realicen as periciais comprométense a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas, de acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se refire ao acceso limitado aos propios interesados en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.



Oitava. Publicidade do convenio

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Novena. Efectos, modificación e extinción do convenio.

O presente convenio fornecerá efectos desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024, salvo que calquera das partes asinantes proceda á súa denuncia expresa cun prazo mínimo de 30 días naturais á data en que se pretenda a súa expiración.

Este convenio poderase modificar por acordo unánime das partes a través da subscrición da correspondente addenda modificativa.

Así mesmo, extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.



- d) Unha decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) A imposibilidade sobrevida de cumprimento do obxecto do convenio.
- f) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

A resolución do convenio non afectará á finalización das actividades que estean en execución, que se deberán realizar no prazo improrrogable fixado pola Comisión de Seguimento do convenio.

Décima. *Comisión de Seguimento.*

Crearase unha comisión mixta de seguimento que estará formada por dous representantes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e reunirse como mínimo unha vez ao ano, e facultativamente canto se considere necesario a petición dalgunha das partes.

A comisión rexerase, en canto ao seu funcionamento, periodicidade das reunións e vinculación dos seus acordos, polo disposto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que regula o funcionamento dos órganos colexiados.

Décimo primeira. *Natureza xurídica e resolución de controversias.*

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, estando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en virtude do establecido no seu artigo 6.

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio deberán liquidarse de mutuo acordo das partes. Se non resultase posible alcanzar devandito acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devanditaxurisdición.

De conformidade con canto antecede, e en exercicio das atribucións de que son



titulares os asinantes, subscriben por duplicado o presente en o lugar e data anteriormente indicados.

Pola Consellería de Presidencia,
Xustiza e Deportes

Polo Colexio Oficial de Psicoloxía de
Galicia

Diego Calvo Pouso

M^a Rosa Álvarez Prada

